

Proxecto didáctico

Premios Martín Códax da Música



Premios
Martín Códax
da Música



Xustificación do PD

Tipo de proxecto	Programa de radio en formato <i>podcast</i> (ficheiro mp3)
Cursos aos que vai destinado	<ul style="list-style-type: none"> • 5º Educación Primaria • 6º Educación Primaria • 2º Educación Secundaria Obrigatoria
Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> • Especialistas de música • Encargadas/os de radio escolar • Encargadas/os de biblioteca
Temporalización	2 sesións de 50 minutos
Modelo de traballo	Gamificación da aula a través dun reto. Traballo cooperativo.
Xustificación curricular (anexos I e II)	

Proposta de actividade

Pediráselle ao alumnado a elaboración dun pequeno programa de radio *podcast* (gravación en mp3). Para o cal escollerán un grupo de música dentro das distintas categorías musicais encadradas nos proxectos participantes nos Premios Martín Códax da Música. premiosmartincodaxdamusica.gal/proxectos

O traballo realizarase en grupos cooperativos de 3, 4 ou 5 participantes por grupo e a categoría musical será asignada ao chou.

Cada participante fará unha escoita individual (no seu tempo de lecer) das bandas da categoría que lle tocou ao seu grupo para posteriormente poñela en común e tomar unha decisión sobre o grupo escollido (naqueles casos nos que a categoría teña moitos grupos o/a mestre/a poderá preseleccionar un número axeitado deles para ofertarlle ao grupo de alumnado).

Cada grupo deberá facer soar dúas cancións do grupo escollido e falar dos datos máis destacados da banda e o seu estilo musical, tal e como se especifica na escaleta do programa.

Os *podcasts* publicaranse na páxina dos Premios Martín Códax soando a través da radio oficial dos Premios.

Reto da Música Galega

ATENCIÓN! Atopámonos en perigo! Unha horda de músicos e músicas estannos invadindo cuns ritmos hipnóticos que atrapan aos nenos e nenas galegas e aos seus pais e nais. É o exército dos REGUETONEIROS! Xente desapiadada que o único que busca é usurpar os nosos cerebros e oídos converténdoos así en zombis que bailan co seu aburrido ritmo.



Sen embargo, a música que se fai en Galicia é unha das mellores do mundo. É por isto que poderemos combater esa invasión coa mellor das armas para liberar aos nenos e nenas e as súas familias destes ritmos infernais que os teñen paralizados.

Vós ides ser as responsables e os responsables de tan perigosa misión, e para iso, teredes a mellor dos equipamentos posibles para a batalla musical: a nosa Radio Escolar! A partir de agora converterase no voso forte dende o que faredes un programa de música falando **dun grupo galego** e o seu **estilo musical**.

Para cargar munición ide á web premiosmartincodaxdamusica.gal/proxectos
O voso programa terá que seguir a seguinte escaleta

Introdución do programa	Comezaremos cunha canción destacada do grupo que escollechedes. A canción soará polo menos durante 30 segundos.
Presentación do programa	O presentador/a dirá o título do programa e introducirá aos participantes, así como o nome do grupo do que se vai falar.
Cortina musical	Subirá o volume da música e escoitaremos polo menos outros 30 segundos da canción do principio
Biografía do grupo	Daredes información relevante do grupo, por exemplo: cando se formou, de onde son, quenes o compoñen, cales son os seus estilos musicais e as súas referencias, se teñen discos, videoclips, etc.
Cortina musical	Introduciredes falando a segunda canción do voso grupo e deixaredes que soe enteira.
Máis info do grupo	Daredes as referencias das distintas redes sociais que poida ter ese grupo (páxina web, facebook, instagram, bandcamp...)
Despedida	O presentador ou presentadora despedirá o programa facendo soar a canción do principio que deixará soar enteira.

Ánimo valentes! O futuro da música galega depende de vós!

Xustificación curricular

Anexo I (Educación Primaria)

5º DE EP				
ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
j a	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.	B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	CSC
j	B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais. B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	CCEC CAA CCL
j i	B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.	B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.	EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.	CAA CD CSIEE
			EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	CAA CSIEE CSC

			EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.	CIEE CCL CD
j	B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.	B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CCEC CAA
			EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.	CCEC CM CCT CAA
			EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC CAA
j d	B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceirtas	B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.	CCEC CCL CD

6º DE EP				
ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Objec tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competen cias clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
j b e	<p>B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.</p> <p>B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.</p>	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	CCEC CCL CAA
b e o	<p>B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.</p> <p>B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.</p> <p>B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.</p>	B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	CCEC CAA CCL
			EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	CSIEE CAA CCEC
h a d	<p>B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.</p> <p>B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.</p> <p>B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.</p>	B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.	<p>EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</p> <p>EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.</p>	CSC CCEC

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL				
ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.		EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA CCEC
	B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.		EMB2.2.6. Aмосa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
ij	B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese. B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios. B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CCEC CAA CD CAA CD CCL

Anexo II (Educación Secundaria Obrigatoria)

Música. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compt. clave
BLOQUE 2. ESCOITA				
ñ	<p>B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.</p> <p>B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.</p> <p>B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.</p>	B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.	MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	CCEC
			MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	CCEC
a	B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	CSC
n	<p>B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.</p>	B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	CCL CCEC
			MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	CCL
			MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	CCL
f m	B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.	MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	CSC

BLOQUE 3. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS				
n	B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.	B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	CCEC
ñ	B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.	B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.	MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.	CCEC
			MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	CCEC CSIEE
h e	B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".	MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	CCL
			MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais dexeito oral e escrito, con rigor e claridade.	CCL
e n l	B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.	B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.	MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	CD
			MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CAA

BLOQUE 4. MÚSICA E TECNOLOXÍAS				
e n	B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.	B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.	MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	CD
	B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.		MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	CD CSIEE
n	B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD